



Presentación do equipamento do CENTRO DE VISITANTES CAMBÓN



**ISLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA**



**PARQUE NACIONAL
MARÍTIMO-TERRESTRE**



**Rúa Palma, 4. Vigo
(No casco antigo, tras a Colexiata).**

O centro de visitantes CAMBÓN, ao estar enclavado no núcleo urbano de Vigo e lonxe das illas, está concibido como un espazo evocador do Parque Nacional, que esperte a curiosidade sobre os valores deste espazo protexido, que motive a visita ás illas dun xeito sostible. Así, os contidos da exposición non se centra en aportar información dos seres vivos do parque, senón en transmitir artisticamente a beleza da natureza.

DISTRIBUCIÓN XERAL:

A exposición do Centro de Visitantes distribúese en tres plantas, representadas no seguinte plano do edificio, conxuntamente coa planta de auditorio.



- | | |
|----------|--|
| 3 | A MENTE DAS ILLAS:
Información cultural i etnográfica. |
| 2 | O CORAZON DAS ILLAS:
Videos con paisaxe e vida de cada unha das illas. |
| 1 | ENTRADA: A PEL DAS ILLAS.
Información básica e maquetas de ubicación das illas |
| 0 | Planta baixa: Auditorio e aseos. |

ACCESIBILIDADE E ATENCIÓN A NECESIDADES ESPECIAIS.

O centro está adaptado a persoas con mobilidade reducida do seguinte xeito:

- Rampla de acceso á recepción do centro.
- Ascensor que une a planta da recepción coa planta baixa e coa planta a “mente das illas”,
- Plataforma salvaescaleiras que une a planta da “mente das illas” e do “corazón das illas”.
- Rampla de acceso ao auditorio dende a entrada posterior do edificio.
- Aseos adaptados.



CONTIDOS:

Neste apartado presentamos os módulos que compoñen as distintas plantas, así como breves explicacións relacionadas coas intencións didácticas de Miguel Mansanet, autor da exposición:

I. RECEPCION. A PEL DAS ILLAS.


As columnas e os mobles expositores representan a singularidade dos liques e dos musgos que viven sobre o rochedo granítico das illas.

nota: realizouse con vernices e pinturas á auga, non tóxicas, de uso aprobado para pintado de material escolar.

1) XEOLOXÍA, (e INDUSTRIA e COMERCIO derivado): todos os elementos horizontais e verticais da sala de recepción aluden a un mesmo material que parte da natureza. Posibilitase unha exposición didáctica do proceso de manipulación das rochas e unha comparativa entre os diversos aspectos dun elemento natural no seu ambiente e tras a manipulación industrial e comercial polo home.



2) HISTORIA, ESTÉTICA: Os liques agrúpanse formando círculos e debuxos similares a gravados primitivos. Os símbolos celtas teñen interese dende o punto de vista da arte e da inspiración. A foto pertence a unha rocha do Parque. O debuxo (abaixo dta.) pertence ao estudio "Nuevos grabados rupestres en el litoral Sur de la ría de Vigo" (Costas Goberna e outros autores) no que se analiza as curiosas formas dos petroglifos galegos e a súa relación coa inspiración e creación artística actual.





3) ARTE, LITERATURA, PENSAMIENTO: na sala atópanse 2 frases célebres. Elas propoñen entrar cunha actitude reflexiva de aproximación ao Parque xa dende a recepción, onde lemos: "Se serves á natureza ela hate servir a ti" de Confucio e "Arte é a natureza do home, a natureza é o arte de Deus" de James Bailey. Preténdese avivar o compromiso ecoloxista, a reflexión do visitante, que pode enfocar a visita tamén culturalmente, xa que na natureza, ademais de información biolóxica e científica, pódese atopar beleza, inspiración,saúde,etc.


4) DESENVOLVEMENTO DA OBSERVACIÓN: 4 carteis, un por arquipélago, con fotografías relacionadas a un título suxerinte do que poderíamos atopar en cada arquipélago, suxerindo así un entretemento didáctico para unha posible visita.

Cíes: o paseo contemplativo e o relax a través da paisaxe.


Ons: a fotografía estética e o potencial da presenza humana.

Sálvora: as asociacións das formas da escultura natural en pedra.

Cortegada: as asociacións coa maxia e o misterio do bosque galego.



SÁLVORA: La isla de LAS ESCULTURAS **CORTEGADA:** la isla de LOS DUENDES





5) INFORMACIÓN XEOGRÁFICA XERAL: Mapa fotográfico aéreo e maqueta con batimetría en relevo de curvas de nivel. Todo para unha exposición xeral do Parque: situación, relevo, orientación... apoiado por táboas con información da climatoloxía, distancias, accesos, etc.



ARCHIPELAGO DE CORTEGADA Ayuntamiento: Vilagarcía de Arousa Superficie: 191 ha 43,8 ha terrestres 147,2 ha marítimas Altitud máxima: 22 m Principales puertos de acceso (distancia a la isla): Carril (0,18 km) Pluviosidad y temperatura media: 1.900-2.000 mm y 15 °C	ARCHIPELAGO DE CÍES Ayuntamiento: Vigo Superficie: 3.091 ha 433 ha terrestres 2.658 ha marítimas Altitud máxima: 197 m (Alto de Cíes) Principales puertos de acceso (distancia a la isla): Vigo (13,6 km) Cangas (11,3 km) Baiona (13,1 km) Pluviosidad y temperatura media: 900 mm y 13-15 °C	ARCHIPELAGO DE SÁLVORA Ayuntamiento: Ribeira Superficie: 2.557 ha 248 ha terrestres 2.309 ha marítimas Altitud máxima: 73 m (Gralleiros) Principales puertos de acceso (distancia a la isla): Cambados (15,8 km) O Grove (12,7 km) Aguíño (Ribeira) (5,8 km) Pluviosidad y temperatura media: 900 mm y 13-15 °C	ARCHIPELAGO DE ONS Ayuntamiento: Bueu Superficie: 2.641 ha 470 ha terrestres 2.171 ha marítimas Altitud máxima: 128 m (Alto do Cucorno) Principales puertos de acceso (distancia a la isla): Sanxenxo-Portonovo (11,4 km) Bueu (13,2 km) Pluviosidad y temperatura media: 900 mm y 13-15 °C
---	--	---	---



6) BIODIVERSIDADE NOCTURNA: Mediante unha vitrina móstrase a natureza das Illas Atlánticas máis alá da visita diúrna e da aproximación convencional a un Parque Nacional: a ardora (o placton fosforescente), as mareas e a influencia da lúa, a ocupación humana da costa (por iluminación nocturna) ou a Vía Láctea.



7) BIODIVERSIDADE DIÚRNA: Información xeral da vida diúrna no Parque con reprodución dun microecosistema simulado das illas con especies representativas mariñas e terrestres.

LISTADO DE ESPECIES DEL "LAGOA DOS NENOS"

Fondos arenosos y fangosos
Plantas subacuáticas con flor
Praderas de Zostera marina
Praderas de Zostera noltii

MÁS GENERALES (NO SÓLO EN EL LAGOA DOS NENOS)
Tanto en Cíes como en Cortegada vegetación
parcialmente sumergida

Halimione portulacoides
Salicornia ramosissima

ZONA DE DESOVE Y ALEVINAJE DE PECES Y OTROS GRUPOS


Nécora (Necora puber)
Lenguado (Solea solea)
Pulpo (Octopus vulgaris)
Centollo (Maja squinado)
Abadejo (Pollachius pollachius)
Blénido (Parablennius pilicornis)
Choco (Sepia officinalis)
lisas (Chelon labrosus)
mojarras (Diplodus vulgaris)
maragotas (Labrus bergylta)
anguilas (Anguilla anguilla)
congríos
Doradas
Sargos
mújeles
julias
góbidos

AVES HABITUALES O POSIBLES DE VER EN EL LAGO


Gaviota Patiamarilla
Gaviota sombría
Cormorán moñudo
Pardela Balear
Charrán Patinegro
Busardo ratonero
Vencejo real
Grajilla
Chova piquiroja
Tarabillas, Petirrojos
Lavanderas
Colirrojo tizón

II. 1ª PLANTA. OS TELETRANSPORTADORES. O CORAZÓN DAS ILLAS.

Sala con instalación multimedia i elementos expositivos que pretende ofrecer a información xeral da biodiversidade dos catro arquipélagos por mera percepción contemplativa . Proponse percibir, escoitar e ver as especies e paisaxes do Parque a través do vídeo, a fotografía, a pintura, a escultura e o son, provocando que os sentidos da vista, o tacto (relevos escultóricos) e o oído sexan quen formen unha idea da biodiversidade.



1) DINÁMICA VISUAL e AUDITIVO: Uso das cabinas como illamento para percibir individualmente a imaxe visual e sonora da natureza de cada arquipélago por separado. Sensación de estar rodeado de todo o que se pode atopar en cada illa sen necesidade de ir (a teletransportación).



2) DINÁMICA TÁCTIL:

2A) ESCULTURA DE ALTORRELIEVE EN BRONCE:

reprodúcense en bronce, a escala maior da real, especies do Parque Nacional que podemos **comer**. A idea é ennobrecer a especie escollida ao ser trasladada ao xeito artístico da escultura de bronce e exaltar así, mediante a arte do volume, a beleza que existe nela. Pretende ser unha reflexión sobre o feito de coñecer o **polbo, o**

percebe, os champiñóns, a solla, a nécora ou a ostra como “CO-MIDA” o que nos pode separar do seu coñecemento como seres vivos e do seu interese biolóxico, das súas capacidades, costumes de camuflaxe, recursos de supervivencia...

As "patinas" e as oxidacións, que proporcionan a cor das alto e medio relevo, son obtidos de elementos da natureza e fixados ao lume.



2B) RELIEVES EXCAVADOS EN METACRILATO: escolléronse especies do Parque que conteñen na súa forma evidencias da **matemática oculta da natureza**.

Realizados en metacrilato retroiluminado, o xogo estriba en "descubrir" os misterios matemáticos que a natureza nos oculta detrás dalgunhas especies. Primeiro resultará difícil ver a especie representada no metacrilato, pero ao movernos preto deles delátase a súa estrutura (paralelismo co que nos ocorre na natureza: temos que aprender a ver e mirar con atención a natureza para comprendela).

Patróns:


O número áureo é igual a 1,618... As espirais áureas alóxanse do centro con esta proporción cada cuarto de volta. A disposición dos pétalos de moitas flores, a concha dun caracol o dun *Nautilus*, seguen esta proporción. Outro patrón que aparece moito na natureza é a da serie de Fibonacci.

Simetrías: En bioloxía, a simetría rotacional é chamada "simetría radial". Por exemplo, a representación plana dunha estrela de mar pode ter unha simetría radial—pódese voltear (rotar) e veríase igual que antes e mostran unha simetría radial de 5 voltas.



A bolboreta ten simetría especular ou bilateral; en xeometría, é unha transformación respecto dun *plano de simetría*, na que cada punto dunha figura asóciase a outro punto chamado imaxe.

Fractais: defínense como figuras planas ou espaciais, compostas de infinitos elementos, que teñen a propiedade de que a súa estrutura non cambia, calquera que sexa a escala con que se observe. Por Exemplo: copos de neve, as nubes, as neuronas ou unha coliflor.



3) DINÁMICA ARTÍSTICA: ARTE PICTÓRICO. PINTURA AO ÓLEO..

Pódese ver como un pintor representa de modo singular e diferente de outros artistas a imaxe dunha simple flor. Así o *Cytisus insularis*, único endemismo do Parque, representouse co estilo de **Georgia O'Keeffe**. A *Daboecia Cantábrica* ao estilo de **Paul Klee**. A *Carrasquilla azul* ao estilo de **Monet** e a *Rosa brava* ao de **Matisse**.





III. 3ª PLANTA: A SALA DOS LIBROS. A MENTE DAS ILLAS.



Sala con 7 libros xigantes en metacrilato impreso onde contar a historia e detalles da vida social das illas. Catro deles corresponden a **cada un dos arquipélagos** e para os outros tres se escolleron tres temas: a **pesca tradicional**, o mundo oculto (a **Galicia máxica**) e **fotos antigas** das illas.

Tamén se pode ver un **vídeo** sobre a situación global do medio ambiente actual en relación co Parque Nacional.

Distribuídas pola sala lemos 8 frases da literatura ecoloxista que poñen en valor o medio ambiente e as bondades da natureza.

Tamén se instalou un mural co tema **das Heroínas de Sálvora e o afundimento do Santa Isabel** como homenaxe póstumo e recoñecemento do traballo e o valor das mulleres no medio mariño.







IV) PLANTA BAIXA: aquí emprázase o **auditorio** onde se pode ver un vídeo sobre os valores e traballos feitos no Parque Nacional.

Na entrada hai dous **paneis informativos** coa normativa do Parque, as información e recomendacións interesantes para preparar unha visita ás illas e un resume das características de cada arquipélago.

Tamén se expón os nomes das **persoas que colaboraron no deseño e contidos** da exposición.

Nesta planta atópanse os **aseos**, adaptados a persoas con mobilidade reducida.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO -TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Sede da oficina:

**Edificio Cambón, entrada por Rúa Oliva, 3. 2ª planta. CP 36202. Vigo
(no casco antigo, tras a Colexiata)**

Centro de Visitantes:

Edificio Cambón, entrada por Rúa Palma, 4.

Teléfono da sede administrativa:

886 218090 (en días laborais, horario de mañá).

Correo electrónico:

iatlanticas@xunta.gal